

1.5 Destreza e coñecemento no manexo das TIC

Boa parte dos contidos descritos até este punto foron dedicados a amosar como determinados factores socioeconómicos obxectivos inflúen claramente no desenvolvemento da Sociedade da Información.

Pero tamén hai influencia de factores subxectivos: vese como a falta de interese ou de percepción da capacidade ou habilidade propia son as dúas principais barreiras no acceso á Internet. Precisamente neste último punto se centra este epígrafe: en avaliar a destreza e coñecemento no manexo das TIC dos galegos.

Esta análise é máis necesaria aínda se se considera o fincapé que está a facer a Unión Europea para dotar a todos os cidadáns dos estados membros dos *skills* (das habilidades) básicas para o manexo das TIC na súa actividade persoal e profesional.

1.5.1 Coñecemento no manexo das TIC e os servizos da SI

Máis do 40% dos galegos cre ter un nivel de destreza baixo ou moi baixo para desenvolvérense na Sociedade da Información.

A fenda socioeconómica volta a ter unha presenza decisiva.

Co gallo de ter unha referencia temporal, faise referencia en primeiro lugar a información do IGE correspondente a 2004. Segundo estes datos, son minoría os galegos que din ser capaces de manexar axeitadamente un computador persoal: unicamente un de cada catro. Polo tanto, tres de cada catro galegos séntense pouco ou nada capaces de manexar un computador e, o que é aínda máis significativo, máis da metade dos galegos di non ter coñecemento ningún neste eido.




Figura 106: Nivel de coñecemento de manexo do computador persoal.

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do IGE* ⁽⁶⁾

Segundo esta información, o nivel de uso do PC entre a poboación galega nese ano (un 35%) abranguería un colectivo maior que aqueles que din coñecer moito o bastante o seu manexo (un 24%) e moi preto xa de atopar a barreira dos que non coñecen nada (que, de actuar como limitante estrito, deixaría un percorrido á penetración até o 45%).

No ano 2006, o resultado obtido das enquisas é o que amosa a gráfica seguinte:




Figura 107: Destreza e coñecemento para o manexo de servizos e dispositivos da Sociedade da Información.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

Segundo estes datos primarios, só o 15% dos galegos cren ter un coñecemento alto ou moi alto para se desenvolver na Sociedade da Información. Entre o 41% e o 44%, segundo o ámbito preguntado, entende que o seu nivel é baixo ou moi baixo.

Atendendo ás tres cuestións trazadas, o desagregación é moi similar, e non require maior comentario:




Figura 108: Manexo por parte dos galegos do computador persoal e da ofimática.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾




Figura 109: Coñecemento por parte dos galegos dos servizos da Sociedade da Información.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾




Figura 110: Destreza dos galegos no manexo dos servizos da Sociedade da Información.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

Moito máis significativas son as diferenzas nos niveis de destreza e coñecemento motivadas polos factores socioeconómicos. Para ilustrar esta realidade amósanse seguidamente catro gráficas que representan a percepción de destreza no manexo de computador persoal e ofimática –con resultados practicamente idénticos aos das restantes dúas cuestións– segundo nivel de estudos, nivel de ingresos, tamaño do concello de residencia e idade.

Como se pode apreciar, as diferenzas son verdadeiramente relevantes:

- > Así, o nivel de estudos e o hábitat son decisivos na presenza de valoracións de coñecemento moi baixo.
- > En tódolos casos, existe unha tendencia clara de aumento da percepción de coñecemento moi baixo e de diminución do alto e moi alto a medida que nos

afastamos do perfil típico do usuario da Sociedade da Información: novo, urbano, con nivel de ingresos medio-alto e superior e con estudos superiores.

Por tanto, á fenda de uso engádeselle, como aspecto particular, a fenda de coñecemento.




Figura 111: Destreza no manexo do computador persoal e ofimática segundo o nivel de estudos.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾




Figura 112: Destreza no manexo do computador persoal e ofimática segundo os ingresos familiares.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾




Figura 113: Destreza no manexo do computador persoal e ofimática segundo o a poboación do concello de residencia.

Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽⁵⁾




Figura 114: Destreza no manexo do computador persoal e ofimática segundo a idade.

Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽⁵⁾

1.5.2 Participación en accións formativas relacionadas coa SI

En termos globais, os patróns de formación en TIC dos galegos responden a parámetros moi similares aos do conxunto do Estado. Segundo as enquisas efectuadas, o 17% dos galegos recibiron formación en TIC no último ano, cunha duración media do curso de 112 horas.

Tamén neste terreo as diferenzas sociais xogan o seu papel: son precisamente os perfís que amosan un maior nivel de uso das TIC os que reciben máis formación.

No contorno estatal, os datos dispoñibles indican que Galiza se sitúa á cabeza das comunidades autónomas por usuarios de computador que teñen recibido formación informática, cun 61%, fronte a un 53% de media. Considerando os índices de uso do PC segundo a mesma fonte, isto indicaría que un 25% dos galegos e un 28% dos españois recibiron formación en TIC.




Figura 115: Porcentaxe de usuarios de computador que asistiu a cursos de informática.

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽⁴⁾

Non obstante, segundo subliña o mesmo estudo de ámbito estatal do INE, só o 24% dos galegos que recibiron formación TIC fixérono no último ano: por tanto, nos últimos doce meses un 6% dos galegos tería asistido a formación TIC.




Figura 116: Momento de realización do último curso de informática.

Fonte: *Elaboración propia a partir de datos do INE* ⁽⁴⁾

As enquisas levadas a cabo fornecen datos máis elevados: o 17,11% dos galegos maiores de 15 anos –uns 380.000– asistiron no último ano a cursos de formación en TIC. Cómpre lembrar que a porcentaxe de percepción de baixa ou moi baixa destreza no manexo do computador é do 41-44%.

Son os niveis de asistencia a este tipo de accións formativas iguais en tódalas capas da sociedade? As enquisas mostran que non; o que é máis, reflicten que o asistente tipo a accións formativas en TIC responde precisamente ao perfil con maior nivel de uso: menor de 45 anos, de vilas e cidades, con nivel de estudos medio ou alto, o mesmo que os ingresos familiares. As diferenzas por sexo son moito menos significativas: o 16,17% das mulleres, fronte ao 18,81% dos homes, recibiron formación TIC no último ano.

É dicir, atendendo a estes datos, as accións formativas poden estar axudando a reforzar a fenda socioterritorial, máis que a reduci-la. A seguinte figura amosa graficamente estes datos.




Figura 117: Distribución da formación en TIC en función de parámetros socioeconómicos. A) Segundo a poboación do concello de residencia. B) Segundo a idade. C) Segundo o nivel de estudos. D) Segundo o nivel de ingresos familiares.
 Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽⁵⁾

Finalmente, a Figura 118 amosa a distribución das accións formativas segundo a súa duración. Obsérvase o predominio dos cursos de duración media - 40-160 horas, equivalentes a dedicación exclusiva no rango entre unha semana e un mes




Figura 118: Distribución das accións formativas en TIC recibidas polos galegos atendendo á súa duración.
 Fonte: Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽⁵⁾